



**BASES REGULADORAS DO FUNCIONAMENTO DA AULA DE REFORZO ESCOLAR
DE INGLÉS PARA EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2019/2020.**

Artigo 1. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación é o Concello de Barbadás.

Artigo 2. Concepto

A Aula de reforzo escolar de inglés é unha medida educativa dirixida a completar lagoas de coñecemento na devandita materia ou repasar contidos concretos traballados en clase ou ben naqueles casos nos que as necesidades do alumnado o requiran. Dirixirase á recuperación de destrezas que dificultan ao alumno/a seguir o desenvolvemento ordinario das clases de inglés no seu centro escolar. Será xestionado directamente polo Concello de Barbadás a través da Concellería de Educación.

Artigo 3. Destinatarios

Calquera alumno/a matriculado/a durante o presente curso escolar, 2019/2020, en Educación Primaria (dende 1º ata 6º) e que se atope empadroado/a no Concello de Barbadás, agás causas excepcionais debidamente xustificadas.

Artigo 5. Número de prazas ofertadas

Establécese un máximo de 12 alumnos/as por aula.

Artigo 6. Criterios de selección

A orde de selección será por rigorosa orde de entrega da solicitude a excepción das solicitudes que veñan acompañadas de informe do servizo de orientación do centro docente ou informe social, ás que sempre se lle asignará praza.

No caso de que o número de solicitudes sexa maior que o de prazas ofertadas, os/as solicitantes pasarán a formar parte da lista de espera.

As solicitudes presentadas fóra do prazo establecido nas presentes bases, estarán suxeitas á existencia de prazas libres, pasando á lista de espera por orde de entrada en caso de non existir prazas, coa excepción daquelas que acompañen informe do servizo de orientación do centro docente ou informe social que, en todo caso, serán atendidas.

Artigo 7. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de inscrición será dende o día 16 ao 20 de setembro de 2019.

As solicitudes debidamente cumprimentadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de





Concello de Barbadás Concellería de Educación

Barbadás (Oficina Municipal de A Valenzá e do Concello de Barbadás).

Poderán obterse tanto nas propias oficinas como a través da páxina web do Concello (www.barbadas.es) e máis información no teléfono 988246885.

O día 24 de setembro publicaranse as listaxes dos/as solicitantes admitidos/as e de espera, nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello, www.barbadas.es.

Artigo 8. Importe.

A Aula de reforzo escolar é de balde, está subvencionada polo Concello de Barbadás.

Artigo 9. Horarios e lugar das clases

As clases comezarán o día 1 de outubro de 2019 e rematarán o día 31 de maio de 2020.

O calendario a seguir rexerese polo calendario escolar marcado para o curso 2019/2020, considerándose lectivos só os días que nel se fixen como tales.

Os lugares e horarios onde se impartirán as clases serán:

- Reforzo de Inglés: Aula de formación (Rúa do Ensino nº5, A Valenzá)

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º PRIMARIA	3º PRIMARIA	5º PRIMARIA	1º PRIMARIA	3º PRIMARIA
2º PRIMARIA	4º PRIMARIA	6º PRIMARIA	2º PRIMARIA	4º PRIMARIA
5º PRIMARIA				
6º PRIMARIA				

Artigo 10. Normas de funcionamento

- É obrigatoria a asistencia. A acumulación de tres faltas sen xustificar ou a reiteración de faltas xustificadas dará lugar á baixa na actividade sen reivindicación algunha de dereito por parte do participante. As faltas deberán ser xustificadas polos pais, nais, ou tutores legais, mediante xustificante cumprimentado e asinado.
- No caso de que o comportamento do/a alumno/a afecte ao normal funcionamento da actividade ou un mal uso da aula de reforzo escolar, procederase a avisar á familia e a dar o/a de baixa en dita actividade.





Concello de Barbadás Concellería de Educación

- A baixa voluntaria das clases deberá comunicarse o mes anterior o que o/a alumno/a deixe de asistir.
- No caso de que a valoración do alumno/a indique que acadou os obxectivos programados e exista lista de espera, o servizo terá dereito a dar de baixa a dito/a alumno/a pasando a súa praza o seguinte alumno/a en lista de espera.
- Non se admitirán cambios de aula dos/as alumnos/as.

A participación nas actividades suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.

O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.

